



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

R.P. 3464/2022.- Aprobación das bases do Programa FOI00A/2022.

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 3464, do 19 de xaneiro de 2022, aprobáronse as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2022, co seguinte texto:

**BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2022 (FOI00A/2022)**

##### Datos do programa

|                                           |                                                                                                                                                                                            |
|-------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Unidade xestora                           | Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes                                                                                                                                              |
| Sección                                   | Sección de Servizos Sociais                                                                                                                                                                |
| Anualidade                                | 2022                                                                                                                                                                                       |
| Denominación                              | Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2022 |
| Beneficiarios                             | Entidades sen fins de lucro con domicilio social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma e reúnan os requisitos da convocatoria.                               |
| Programa                                  | FOI00A/2022                                                                                                                                                                                |
| Aplicación orzamentaria                   | 0611/23122/481                                                                                                                                                                             |
| Importe da convocatoria                   | 420.000 €<br>Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.                                                                                                                 |
| Importe do orzamento de gastos            | Mínimo 1.250 €, máximo 100.000 €                                                                                                                                                           |
| Importe da subvención que se vai conceder | Mínimo 1.000 €, máximo 40.000 €                                                                                                                                                            |
| Importe solicitado                        | Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable                                                                                                                                        |
| Coeficiente de financiamento              | Do 0,20 ao 0,80                                                                                                                                                                            |

##### Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

##### 1.- PARTE XERAL

###### Base 1.- Réxime xurídico xeral

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, polas normas que se citen, no seu caso, na base 1 específica, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2022 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 30 de xullo do 2021, BOP 150, do 10 de agosto de 2021,
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 , BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

## **Base 2. Tramitación telemática e sinatura de documentación**

### **2.1.- Tramitación telemática**

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma Subtel).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

### **2.2.- Sinatura de documentación**

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- No caso das **certificacións**, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das **declaracións, compromisos e outra documentación**, pola presidencia ou persoa que represente a entidade.
- No caso das **certificacións de gastos e ingresos**, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

A estes efectos, deberán dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen ocupe a secretaría da entidade.

- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería.

### Base 3.- Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

#### 3.1.- Obxecto da solicitude

Na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade/investimento/proxecto para a que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

#### 3.2.- Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Só poderá concederse unha subvención por entidade, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 3.3.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### 3.4.- Documentación a presentar

As entidades deberán acreditar o cumprimento dos requisitos indicados nas presentes bases referidos á data anterior á publicación da convocatoria e achegar a documentación correspondente, que se recolle no punto 3.- Anexo I-Documentación da solicitude.

### Base 4. Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude e dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Cumprir con todos os **requisitos** indicados nestas bases e manter a mesma **forma xurídica** da entidade solicitante desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de **25 membros**.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que **non** presenta **máis dunha solicitude** por entidade na mesma convocatoria.
- Non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas **obrigas** coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
- Declarar a **obtención de subvencións ou axudas** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática Subtel calquera **modificación** que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.

- Empregar a subvención outorgada para o **mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.

- Solicitaren, polo menos, **tres ofertas** de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Dar o seu consentimento ao **tratamento de datos** de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Utilizaren, con carácter xeral, unha **linguaxe non sexista e inclusiva**, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con **menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil)

- Faceren constar a **colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Na parte específica do programa concretaranse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.

Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a **lingua galega**. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás **actuacións de comprobación e control**, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de **conservaren os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

- Autorizar á Deputación a consultar os **datos fiscais** relacionados coa súa actividade empresarial.
- Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da **Ordenanza xeral de subvencións e transferencias**.

Estes requisitos e obrigas completaranse co previsto, no seu caso, nas bases específicas da convocatoria.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

#### Base 5. Procedemento de concesión e aprobación

O procedemento de concesión da subvención recollida nesta base tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Aos efectos desta lei, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e

adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteráas a un **comité técnico de valoración**, no caso de estar previsto na parte específica da convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

A concesión realizarase segundo o regulado na parte específica da convocatoria, que poderá optar por unha das seguintes opcións en canto ao procedemento a seguir:

- **Concesión provisional/definitiva**

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, reformulación, cambio de obxecto, ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

- **Concesión definitiva**

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráse por desistido da súa solicitude.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

**Reformulación de solicitudes:**

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

**Cambios de obxecto:**

Non se admitirán cambios de obxecto, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

**Base 6.- Prazo de resolución e notificación**

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resolución conterá a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes. Notificaráselle aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarse no

BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

#### **Base 7. Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención**

##### **7.1. Antes da concesión - desistencia da solicitude**

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma Subtel.

##### **7.2. Despois da concesión - renuncia á subvención**

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma Subtel.

#### **Base 8. Publicidade das subvencións concedidas**

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de datos nacional de subvencións da información prevista no artigo 20 da Lei 38/2003.

#### **Base 9. Xustificación e pago**

##### **9.1. Prazo de xustificación**

Segundo o indicado nas bases específicas.

##### **9.2. Documentación**

A indicada no punto 3.- Anexo II- Documentación da xustificación

##### **9.3. Tramitación da xustificación**

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación desta.

No caso de ser **correcta**, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada.

No caso de que a documentación fose **incorrecta ou insuficiente**, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirlle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios provinciais, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Falta de achega da documentación requirida.
- Demais causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

##### **9.4. Consideracións xerais**

- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

- O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado.

- O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

• En todo caso o importe da subvención a aboar non pode ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.

- Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:
  - No caso de que se xustifique gasto por un importe **igual ou superior ao orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
  - No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
  - No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

• A entidade beneficiaria deberá pagar ós provedores de bens e servizos así como as persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago.

Non obstante, para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

O pago dos seus gastos xustificativos deberá realizarse antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención

#### **Gastos subvencionables**

• Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria.

• As bases específicas desta convocatoria detallan as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables na mesma.

O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

• A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que provea, e recollida no *Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria* con anterioridade á data de emisión da factura.

• O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado.

• Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo aumentando así o prezo final facturado.

#### **9.5. Pago**

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realízase, con carácter xeral, nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, dítase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola entidade beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de tres meses para xustificar que ten regularizada a súa situación; De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a entidade beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

#### **Base 10.- Subcontratación**

De acordo coa establecido no artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada. Queda fóra

deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Para determinar a existencia de subcontratación atenderase ao obxecto social da entidade solicitante.

Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida proveer por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Non se poderán contratar as ditas prestacións con terceiros intermedios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo sen engadir valor adicional, aumentando así o prezo final facturado.

Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cen da actividade subvencionada importe do orzamento subvencionable, sumando os importes de todos os subcontratos.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias previstas na base 9.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

#### **Base 11.- Operacións vinculadas**

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, no momento da solicitude deberá presentar solicitude de autorización.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para contratar a persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realízase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cen do importe da actividade subvencionada, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

#### **Base 12.- Incumprimentos e sancións**

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Se unha vez transcorrido o prazo de **xustificación** sinalado na parte específica destas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente.

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

O procedemento sancionador está regulado no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

#### **Base 13.- Protección de datos persoais**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

## **2.- PARTE ESPECÍFICA**

### **Base 1. Obxectivos e réxime xurídico específico**

#### **1.1.- Obxectivos**

O obxectivo da convocatoria é apoiar ás entidades sen ánimo de lucro para a mellora na implementación de servizos, programas e/ou actividades en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero

#### **1.2- Réxime xurídico específico**

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

### **Base 2. Obxecto**

#### **2.1- Servizos, programas e actividades subvencionadas**

Serán obxecto desta convocatoria os servizos, programas ou actividades contemplados nesta base.

Poderase solicitar un só código e un só tipo de programa dos enmarcados en cada código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicarse código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: EI4- Programa de conciliación. Campamento de verán). De non ser así, poderá modificalas de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

**PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES****Códigos:****· EI-1 EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL****Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Programa formativo ou de sensibilización** sobre a creación, consolidación e participación de mulleres nas organizacións e asociacións, así como sobre a importancia de que en igualdade de condicións as mulleres ocupen postos directivos e de responsabilidade, para unha participación máis activa da vida pública.
- **Programas e accións de dinamización** das mulleres do medio rural para que participen da vida pública e dispoñan de espazos de encontro onde se traballe con perspectiva de xénero.

**· EI-2 FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO****Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Elaboración de plans, diagnoses ou estudos en materia de igualdade ou conciliación** (non implementación)
- **Elaboración de manuais e guías en materia de igualdade de xénero.**
- **Programas e servizos de actividades de fomento** da igualdade de xénero, orientación sexual e identidade de xénero.
- **Programa de actividades de comprensión da maternidade como función social** que incidan na necesidade de evitar os efectos negativos sobre os dereitos das mulleres en igualdade de oportunidades

**· EI-3 FOMENTO DO EMPREGO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES****Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Programas formativos de capacitación profesional** das mulleres que inclúan itinerarios personalizados e/ou desenvolvan accións de acompañamento e/ou axuda á busca de emprego.

**Requisitos:**

- Dirixidos a mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.
- Duración mínima de 30 horas.
- **Programas de fomento do cooperativismo** ou autoemprego, dirixido principalmente a mulleres do medio rural, en actividades vinculadas ás potencialidades da contorna, e a procura dun medio rural sustentable.

**· EI-4 CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADES COMPARTIDAS****· Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Programas e/ou servizos de conciliación.**
  - **Requisitos:**
  - Dirixido a nenas e nenos de ata 12 anos.
  - Ofrecerase fóra do horario escolar, en horario laboral e durante ou abarcando todos os períodos de vacacións.
  - Contará con persoal especializado para a realización de actividades e atencións.
  - Engadirá expresa e obrigatoriamente no seu contido/programa:
  - O obxectivo de traballar conscientemente a transversalidade da igualdade de xénero.
  - Actividades específicas, dirixidas ao alumnado, do fomento da igualdade de xénero, preferentemente dedicadas á necesidade de que homes e mulleres actúen corresponsablemente nas funcións e tarefas domésticas e dos coidados familiares.
  - Coidarase a selección musical, de ser o caso, non empregando cancións sexistas.

**PROGRAMAS LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO****Códigos:****· EV-1 PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO****Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Programas e/ou actividades de sensibilización**, prevención e identificación da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións, no ámbito comunitario.
- **Programas e/ou actividades de sensibilización**, prevención e identificación da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. (6.3.4 PIX)
- **Elaboración de manuais e guías en materia de prevención da violencia de xénero.**

**· EV-2 TRATAMENTO INTEGRAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO****Tipos de proxectos subvencionables:**

- **Programas de intervención/tratamento integral** coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos e persoas dependentes delas.
- **Programas de intervención/tratamento integral** coas mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. (6.3.4 PIX)

Os programas de sensibilización ou de actividades poden constar de campañas de sensibilización, charlas, xornadas, seminarios, congresos, publicidade, etc. Estes programas terán contidos de calidade e serán coherentes cos obxectivos das bases da convocatoria.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programa recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación deste servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

No caso de contemplar a realización de material audiovisual no marco das actividades programadas a entidade recolle-rá na memoria que este ten estrita relación cos obxectivos do programa.

## 2.2- Ámbito temporal

As actividades que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas no ANEXO II (Relación clasificada de gastos).

De ningún xeito se poderá outorgar unha subvención para executar un proxecto ou actividade que, no momento de presentarse a correspondente solicitude, xa estea completamente executado.

As entidades incluídas no programa non poderán solicitar prórroga nin da execución nin da xustificación da subvención.

## 2.3- Difusión dos servizos, programas e actividades

Co obxecto de axudar á difusión das actividades que se realizan na provincia, as entidades comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral para as que solicita a subvención previamente ao seu inicio a través do enderezo electrónico [servizos.sociais.difusion@dacoruna.gal](mailto:servizos.sociais.difusion@dacoruna.gal)

## Base 3. Gastos subvencionables

### 3.1- Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados unicamente da execución da actividade comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

| CONTA | DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL                                                                                                                                                          |
|-------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 600   | Compra de bens destinados á actividade (material funxible).                                                                                                                                     |
| 621   | Arrendamentos e canons.                                                                                                                                                                         |
| 623   | Servizos de profesionais independentes.                                                                                                                                                         |
| 624   | Transportes (contratación transporte para usuarios/as).                                                                                                                                         |
| 625   | Primas de seguros.                                                                                                                                                                              |
| 627   | Publicidade e propaganda.                                                                                                                                                                       |
| 628   | Subministracións.                                                                                                                                                                               |
| 629   | Comunicacións e outros servizos.                                                                                                                                                                |
| 640   | Soldos e salarios.                                                                                                                                                                              |
| 642   | Seguridade Social a cargo da entidade.                                                                                                                                                          |
| 650   | Transferencias (axudas monetarias: axudas de emerxencia: subsidios, bolsas, manutención e aloxamento).                                                                                          |
| 653   | Compensación de gastos por prestacións de colaboracións (indemnizacións ao voluntariado e outros/as colaboradores/as por gastos de transporte, comida, vestuario, etc. específicos do programa) |

#### • Gastos xerais

Poderanse subvencionar gastos xerais sempre e cando non superen o 15% do importe dos custos directos da actividade puntual, salvo naqueles casos nos que se xustifique, mediante declaración do/a representante legal, que estes gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos. A valoración da natureza destes gastos determinará o persoal técnico da unidade xestora.

Desta forma, consideraranse gastos xerais, entre outros, os seguintes: os persoal de servizos xerais (administrativo, contable, limpeza, vixilancia, ordenanzas,...) e gastos correntes (luz, auga, alugueiro, teléfono, internet, aloxamento web, etc.)

#### • Gastos de manutención e desprazamento

As indemnizacións por desprazamento e manutención deberán contabilizarse do seguinte xeito:

- Cando sexan abonados a persoal propio ou cargos da entidade na conta 629. Outros servizos.
- Cando se abonen a voluntariado e outros colabores na conta 653. Compensación de gastos por prestacións de colaboracións.

Os gastos de desprazamentos en transporte público ou privado concertados con terceiros directamente pola entidade que non se inclúan nos apartados anteriores deberán contabilizarse na conta 624. Transportes

- **Gastos de persoal**

O persoal subvencionado deberá estar contratado segundo a categoría profesional e posto de traballo que corresponda coas súas funcións.

As retribucións do persoal contratado con perfil administrativo serán consideradas como gasto xeral.

- **Axudas monetarias**

No caso do concepto de gasto 650 este só será subvencionable ata o 30 % dos gastos directos. A unidade xestora determinará se estes gastos son ou non subvencionables atendendo ao obxecto solicitado. A porcentaxe que resulte destes gastos no orzamento aprobado na solicitude deberá respectarse na xustificación de gastos.

### 3.2. Gastos excluídos

- Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria, os seguintes:

- a) Os referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre.

- b) As axudas monetarias

- Exclúense as axudas non monetarias.
- Gastos financeiros e comisións bancarias.
- As axudas de custo de contía fixa. Non obstante, subvencionaranse as indemnizacións ao persoal propio ou voluntario derivadas de gastos de desprazamento e manutención propios do programa, debidamente xustificadas conforme as indicacións do ANEXO II (folla de liquidación de axudas de custo) e dentro dos límites exentos de tributación.
- Gastos de materiais audiovisuais cando este non se utilice exclusivamente para a actividade subvencionada.
- Gastos derivados de litixios.
- Gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias.
- Gastos derivados da formación de profesionais.
- Sustancias nocivas para a saúde e gastos suntuarios.
- Gastos de intermediarios para a subcontratación das actividades e investimentos cando aqueles se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

### Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A solicitude nesta convocatoria poderá ser compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións da Deputación da Coruña se así o establecen expresamente as súas bases reguladoras.

Non serán obxecto de subvención as actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio. Así mesmo, non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles; neste caso, a entidade beneficiaria tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

### Entidades excluídas:

- Entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- Entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

### Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen fins de lucro que cumpran os requisitos da convocatoria e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

#### 5.1.- Rexistro. A entidade a cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

\* Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012) estando inscritas na Área de Igualdade deste rexistro.

\* No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán acreditar que están rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.

\* No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro.

\* No caso das ANPAS e Federación de ANPAS, deberán estar rexistradas no rexistro correspondente da Xunta de Galicia.

· As entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de presentar a xustificación deberán acreditar o rexistro efectivo.

## 5.2. Teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

### Base 6. Compromisos e obrigas

**6.1.** A entidade beneficiaria terá que realizar por si mesma a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando estes medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios poñéndoo en coñecemento desta Deputación indicándoo na solicitude da subvención, neste caso a subcontratación estará limitada segundo o exposto na Base 10 das xerais.

**6.2.** A entidade deberá incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente en calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico), así como facer constar a subvención da Deputación, indicando o importe concedido e a porcentaxe de financiamento, polo menos no material gráfico que se refira á actividade que se subvenciona e na páxina web/redes sociais da entidade.

**6.3.** No caso de presentar unha solicitude para o programa **EV-2 (Tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero)** a entidade estará obrigada a informar e **coordinarse co concello**. No momento da xustificación, a entidade deberá achegar unha certificación expedida polo propio concello que acredite estas actuacións.

A comprobación do incumprimento dos puntos anteriores no desenvolvemento das actividades subvencionadas suporá a perda automática da subvención e a obriga de reembolso desta.

### Base 7. Valoración das solicitudes

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxecto para os que se solicita a axuda.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo co seguinte:

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|
| <b>Puntuación máxima:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | <b>100 PUNTOS</b>                                       |
| <b>A. Coeficiente de financiamento</b> segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obtería a entidade solicitante.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | <b>Ata 30 puntos</b>                                    |
| <b>B. Tipoloxía de programa</b> , segundo o código e programa escollido para subvencionar <ul style="list-style-type: none"> <li>· Programas formativos de mellora da empregabilidade das mulleres</li> <li>· Programas de fomento do cooperativismo ou autoemprego</li> <li>· Programas e/ou actividades de sensibilización, prevención e identificación da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións, no ámbito comunitario</li> <li>· Programas de intervención/tratamento integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos e persoas dependentes delas.</li> </ul> | <b>5 puntos</b>                                         |
| <b>C. Antigüidade</b> da entidade desde a súa constitución <ul style="list-style-type: none"> <li>· De 10 a 20 anos</li> <li>· De 21 a 30 anos</li> <li>· Máis de 30 anos</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <b>Ata 5 puntos</b><br>1 punto<br>3 puntos<br>5 puntos  |
| <b>D. Calidade da entidade</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Por contar coa Declaración de utilidade pública ou ben ser unha fundación</li> <li>· Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude.</li> <li>· Por contar con premios e/ou recoñecementos (nos últimos 10 anos)</li> </ul>                                                                                                                                                                                             | <b>Ata 7 puntos</b><br>2 puntos<br>3 puntos<br>2 puntos |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|
| <b>E. Estabilidade e continuidade</b> , anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención                                                                                                                                                                                                                         | <b>Ata 6 puntos</b>         |
| · De 1 a 5 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | 2 puntos                    |
| · De 6 a 15 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | 4 puntos                    |
| · Máis de 15 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | 6 puntos                    |
| <b>F. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado</b>                                                                                                                                                                                                                                                               | <b>Ata 5 puntos</b>         |
| · Proceden de dous concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 1 punto                     |
| · Proceden de entre tres e cinco concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 3 puntos                    |
| · Proceden de máis de cinco concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | 5 puntos                    |
| <b>G. Concellos nos que se presta o programa solicitado</b>                                                                                                                                                                                                                                                                              | <b>Ata 5 puntos</b>         |
| · Préstase en dous concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 1 punto                     |
| · Préstase entre tres e cinco concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 3 puntos                    |
| · Préstase en máis de cinco concellos                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | 5 puntos                    |
| <b>H. O emprego da lingua galega</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <b>Ata 7 puntos</b>         |
| · Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego                                                                                                                                                                                                                                                         | 2 puntos                    |
| · Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade                                                                                                                                                                                                                                                                  | 2 puntos                    |
| · Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, facebook, twitter,...)                                                                                                                                                                                                                          | 3 puntos                    |
| <b>I. Cesión dun local por parte da Deputación.</b><br>Ás entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontáraselles 3 puntos da puntuación obtida.                                                                                        | <b>Redución de 3 puntos</b> |
| <b>J. proxecto técnico</b> (segundo o recollido no proxecto descritivo xeral da actividade) co seguinte detalle:                                                                                                                                                                                                                         | <b>Ata 30 puntos</b>        |
| <b>Obxectivos :</b><br>Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e obxectivos específicos operativos e cuantificables                                                                                                                                                             | <b>Ata 3 puntos</b>         |
| <b>Metodoloxía :</b><br>Pola definición das ferramentas, técnicas, e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar                                                                                                                   | <b>Ata 5 puntos</b>         |
| <b>Coordinación:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <b>Ata 5 puntos</b>         |
| · Por coordinarse internamente                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 1 punto                     |
| · Por coordinarse con outras entidades de iniciativa social                                                                                                                                                                                                                                                                              | 1 punto                     |
| · Por coordinarse cos servizos sociais municipais onde se desenvolve a actividade                                                                                                                                                                                                                                                        | 2 puntos                    |
| · Por coordinarse con outras administracións públicas a nivel supramunicipal                                                                                                                                                                                                                                                             | 1 punto                     |
| <b>Avaliación:</b><br>Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e cuantificables e ferramentas e instrumentos de avaliación                                                                                                                                                                       | <b>Ata 3 puntos</b>         |
| <b>Recursos materiais e técnicos</b><br>Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, blogs, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc                                                                                                                            | <b>Ata 3 puntos</b>         |
| <b>Recursos humanos :</b><br>Por contar con persoal especializado para realizar o servizo e/ou actividade                                                                                                                                                                                                                                | <b>Ata 3 puntos</b>         |
| <b>Transversalidade de xénero:</b><br>Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas, e polo tratamento de datos desagregados por sexo. | <b>Ata 3 puntos</b>         |
| <b>Calidade técnica:</b><br>Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, copago dos servizos, etc                                                                                                      | <b>Ata 5 puntos</b>         |

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte:

· **Datos de valoración:** a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e no indicado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos”. Onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma SUBTEL

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente na propia solicitude da entidade. Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración, salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

· **Declaración de utilidade pública:** a entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación. De acordo co punto anterior, logo de revisar o boletín sinalado, procederase a aplicar de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente.

- **Cómputo de anos:** para computar os anos nos criterios de valoración terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.

- **Criterios de valoración dos premios:**

A) Contido do programa premiado: Valoraranse os premios obtidos pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de servizos sociais, socio sanitarios e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero.

Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade .

B) Carácter da entidade: Valoraranse aqueles premios outorgados por entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio.

Non se valoraran os premios promovidos por entidades privadas de carácter empresarial.

C) Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais.

Non se valoran os premios outorgados por votacións populares (redes sociais e outras).

En caso de dúbida, a valoración queda ao criterio da comisión técnica.

- **Achegas económicas das persoas usuarias:** é finalidade desta Deputación garantir que todas as persoas poidan acceder aos Servizos Sociais aínda que non dispoñan dos medios económicos axeitados ou suficientes para o aboamento dos custos e sen prexuízo da calidade e priorización dos servizos.

Polo tanto, e tendo en conta o recollido no art. 56 da Lei 13/2008 dos servizos sociais de Galicia sobre a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais, a Deputación da Coruña valorará nesta convocatoria a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos.

A valoración farase de acordo ás seguintes consideracións:

1. Non se considerará copago a achega da cota de socios/as á entidade prestadora do servizo.
2. Considerase copago a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos subvencionados.
3. As entidades deberán recoller no proxecto técnico o custo do servizo, así coma os baremos de proporcionalidade que se establezan.

**Base 8. Procedemento de concesión e cambios na solicitude**

Para a aprobación das achegas do programa procederase previamente a unha concesión provisional e e logo do prazo de alegacións a aprobación definitiva.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

No que se refire aos cambios de concepto de gasto, soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.

En canto ao cambio de lugar de realización da actividade, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Todos estes cambios deberán de ser aprobados pola Deputación despois do informe do persoal técnico.

**Base 9. Prazo de xustificación**

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOR. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2023**, ás 14:00 horas.

**Base 10. Transversalidade de xénero**

A transversalidade de xénero supón a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade real.

Terase en conta para a valoración xeral dos proxectos a inclusión do principio de transversalidade de xénero coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto. Poderá incluírse a través de: utilización dunha linguaxe non sexista así como no material editado e/ou empregado para a realización da actividade, incluíndo algunha actividade específica de igualdade (formativa, de sensibilización, etc.) dentro do programa so-

licitado, a través da definición de obxectivos xerais ou específicos en relación coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, mediante a obtención de datos desagregados por sexo, etc.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero no programa solicitado realizarase a través do impreso correspondente.

#### **Disposición adicional primeira**

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

#### **Disposición adicional segunda**

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

### **3. ANEXOS DOCUMENTACIÓN**

#### **ANEXO I. Documentación da solicitude.**

##### **Documentación xeral**

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación
- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.
- No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- No caso de asociacións, certificación do número de socios/as da entidade.
- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
- Declaración de que non presenta máis dunha solicitude por entidade na mesma convocatoria.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

##### **Documentación específica:**

- **Certificación da relación das persoas que desempeñan os cargos** dos órganos da entidade.
- **Proxecto descritivo xeral** da actividade que se vai realizar e que se ha cubrir segundo o modelo fornecido pola Deputación. Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.
- **Orzamento estimado dos gastos e declaración doutros ingresos** ou subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Estes ingresos e gastos, malia que estean integrados no orzamento xeral da entidade, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico.
- Cando no orzamento da solicitude se sinalen como específicos gastos que puideran ter a consideración de xerais deberá de achegarse unha declaración de que estes gastos se destinan exclusivamente ao programa financiado e motivar esta circunstancia.
- No caso de agrupacións de entidades (federacións, confederacións,...) deberán achegar unha listaxe das entidades beneficiarias das actividades para as que solicitan a achega. Tamén deberán achegar esta listaxe as entidades que presten servizos a outras ou aos seus usuarios/as con cargo á achega da Deputación.

· No seu caso, declaración de que a entidade non dispón dos medios necesarios para realizar a actividade por si mesma polo que subcontratará a realización das actividades subvencionadas coas limitacións indicadas nas bases da convocatoria.

· Declaración de teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación ou valoración da solicitude de acordo con estas bases.

## **ANEXO II-Documentación da xustificación**

### **Documentación xeral**

· Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

· Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.

· Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes

· A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

· Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento

· Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria, achegando unha proba documental ao respecto.

· No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.

### **Documentación específica**

· **Memoria das actividades realizadas** e do cumprimento das condicións impostas na concesión, que se cubrirá segundo o modelo fornecido pola Deputación.

· **Relación clasificada dos gastos realizados**, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, na que se indique se é o caso as desviacións acaecidas e se detalle a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.

Esta relación cubrirase na plataforma Subtel tendo en conta o seguinte:

– Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

- No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentárase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores

- Non obstante, naqueles casos nos que o gasto fose realizado no final do período da convocatoria de subvencións poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2023.

– No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente **autorización individual** asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

– No caso excepcional de **axudas de emerxencia** ou indemnizacións a persoas físicas nas que proceda aplicar especial protección da súa identidade segundo a normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, só se indicará o NIF ou número do documento identificativo da persoa perceptora como dato identificador. Cando na relación clasificada de gastos apareza o pagamento de axudas de emerxencia en especie, deberá engadirse ao concepto do gasto o NIF ou número do documento identificativo da persoa perceptora. Deberanse ter en conta as seguintes fórmulas:

- Dado un DNI con formato 12345678X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: \*\*\*\*4567\*\*.

- Dado un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: \*\*\*\*4567\*.

- Dado un pasaporte con formato ABC123456, ao ter só seis cifras, publicaranse os díxitos que ocupen as últimas posicións, evitando os tres caracteres alfabéticos, terceira, cuarta, quinta e sexta. No exemplo: \*\*\*\*\*3456.

- Dado outro tipo de identificación, sempre que esa identificación conteña polo menos 7 díxitos numéricos, numeraranse estes díxitos de esquerda a dereita, evitando todos os caracteres alfabéticos, e seguirase o procedemento de publicar aqueles caracteres numéricos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. Por exemplo, no caso dunha identificación como: XY12345678AB, a publicación sería: \*\*\*\*\*4567\*\*\*

- Se ese tipo de identificación é distinto dun pasaporte e ten menos de 7 díxitos numéricos, numeraranse todos os caracteres, alfabéticos incluídos, co mesmo procedemento anterior e seleccionaranse aqueles que ocupen as catro últimas posicións. Por exemplo, no caso dunha identificación como: ABCD123XY, a publicación sería: \*\*\*\*\*23XY.

Os caracteres alfabéticos, e aqueles numéricos non seleccionados para a súa publicación, substituiranse por un asterisco por cada posición.

– Se na relación clasificada de gastos se inclúen xustificantes derivados de gastos de desprazamento ou manutención nos que o acredor non sexa a persoa que executou o dito gasto, deberá engadirse ao concepto de gasto o nome, apelidos e NIF desa persoa e achegar a folia de liquidación de axudas de custo asinada por ela.

No caso de gastos indemnizatorios por desprazamentos en vehículos particulares na folia de liquidación deberá incluír a seguinte información: o itinerario, número de quilómetros percorridos, data, matrícula do vehículo e, no seu caso, número de ticket da peaxe, número de ticket do aparcadoiro.

Os gastos de manutención só poderán xustificarse cos datos da factura correspondente.

Na memoria deberá de xustificarse a realización destes gastos.

Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente autorización individual asinada por cada persoa con gastos de desprazamento ou manutención subvencionados para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados.

• As entidades deberán acreditar o **registro efectivo** correspondente, ao que se refire a base 6 da parte específica no momento de presentar a xustificación, no caso de non telo acreditado con anterioridade.

• No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.

• **Proba documental do cumprimento dos compromisos do uso da lingua galega** adquiridos na solicitude.

• No caso de programas pertencentes ao código **EV-2**, a entidade deberá achegar unha certificación expedida polo propio concello que acredite que informou ao concello/os nos que realizou a actividade e que se coordinou con el/eles.

• Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade poderá reconecer a súa responsabilidade polo incumprimento do prazo de xustificación da subvención, aceptando a sanción que corresponde segundo o artigo 44 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. Tamén poderá aceptar o pagamento voluntario por compensación do importe da sanción no pago da subvención antes de que se produza a resolución do procedemento sancionador. Nestes casos a entidade beneficiarase das reducións previstas no artigo 48 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2022

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2022/313